



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE XULLO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiros/as Químicos/as de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea a delegación da Xunta de Galicia en Buenos Aires (Arxentina) e se desenvolve a súa estrutura orgánica e funcións
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se regula o sistema de acreditación das entidades de control de calidade na edificación e se crea o rexistro unico de entidades e laboratorios acreditados na Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional ao convenio de colaboración subscrito o 15 de decembro de 1997 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de proxectos do Plan de acción integral para persoas con discapacidade



- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar á tramitación do correspondente expediente de gasto relativo á contratación das obras de construción do Centro de Desenvolvemento Integral, CEGADI, en Santiago de Compostela (A Coruña)
- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra a Orde TAS/1051/2007, do 18 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do imposto sobre renda das persoas físicas

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual incluído na resolución pola que se establecen e regulan os programas de bolsas destinadas a galegos, persoas de orixe galega e os seus descendentes para a realización de estudos universitarios durante o curso académico 2007-2008
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio do Interior para a realización de obras de primeiro establecemento, conservación e mellora dos acuartelamentos da Garda Civil na Comunidade Autónoma
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Culleredo para o acondicionamento dun edificio destinado a casa-cuartel da Garda Civil
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Valga para o equipamento do seu centro multifuncional, consistente no amoblamento da biblioteca e instalación da iluminación escénica, audio e vídeo no auditorio
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Santiago para a construción dun polideportivo nas Fontiñas

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o lgape para que, na concesión dun aval subsidiario a Centro de Reparacións Navales de Vigo S.A., se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, superar o límite de 5 anos no prazo de vixencia de aval, que o importe do aval poida superar o 5 por cento da contía global establecida na Lei de orzamentos para o ano 2007 e eximir a solicitante de presentar garantías reais suficientes

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 7.332.145,99 euros corresponde á obra de acondicionamento da estrada LU-701 A Fonsagrada (LU-530)-Límite provincial de Asturias
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 5.092.429,65 euros correspondente á obra: "Primeira fase Autovía Sarria-A6 (Nadela). Treito III: p.q. 20+ 800 ao p.q 26+ 797
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 3.331.773,28 euros correspondente á obra: "Primeira fase da Autovía Sarria-A6 (Nadela). Treito 1: p.q. 0+ 000 ao p.q. 11+ 000
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 6.332.086,35 euros correspondente á obra de acondicionamento da estrada LU-113. Treito Moncelos-Abadín (N-634)
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 40.069.806,58 euros correspondente á obra: "Corredor Brión-Noia. Treito Brión-Martelo"
- Acordo de procedencia da inmediata execución dos proxectos relativo á ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Rabadeira en Oleiros (A Coruña) promovidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Acordo de procedencia da inmediata execución do proxecto básico e de execución do Centro de Saúde da Covada promovido pola Consellería de Sanidade



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para a construción do segundo subtramo (I) da terceira rolda de circunvalación da Coruña

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado do contrato da modificación da obra de construción dun colexio de educación infantil e primaria na Valenzá, no concello de Barbadás (Ourense)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga Piñeyro sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura dunha addenda ao convenio plurianual de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o apoio e promoción das actividades investigadoras e formativas do Museo Pedagóxico de Galicia asinado en 13 de xuño de 2006

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en relación coas axudas convocadas na orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes a accións de divulgación e comunicación científica e tecnolóxica (DIVERCIENCIA) no marco do Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE) para o ano 2007, e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia para o desenvolvemento do nodo CESGA incluído no Proxecto MATHEMATICA



- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación Galegas para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-FOEXGA 2007
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma

#### CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se sanciona a entidade citada en relación a un expediente sancionador pola comisión dunha infracción moi grave en materia de calidade agroalimentaria, cunha multa de 30.001 euros

#### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración cultural entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Boiro para a realización das obras de construción do centro sociocultural e de usos múltiples de Abanqueiro (II fase)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Consorcio para a promoción da Música para a realización do IV Festival da Ópera

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da cláusula adicional 4ª ao concerto de data 1 de marzo de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia pola que se fixan as tarifas e os obxectivos de mellora asistencial para o ano 2007
- Acordo polo que se prorroga o contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a fundación pública Centro de Transfusión de Galicia para establecer as prestacións sanitarias, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que se realizarán por parte da fundación no período comprendido entre o 1 de agosto de 2007 ao 31 de xullo de 2008



- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao convenio de colaboración asinado o 23 de novembro de 2006 entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo de determinados aspectos relacionados coa problemática asociada ao consumo de drogas

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo opolo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Merca para a execución da obra: "Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Depuración e saneamento na parroquia de Froxás das Viñas. A Merca (Ourense)", clave polo importe de 540.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente para o desenvolvemento do programa de posta en valor da rede de camiños naturais non motorizados de Galicia por importe de 3.000.000 de euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribas de Sil para a execución da obra: "Actuacións de abastecemento na Comunidade Autónoma. Traída de augas a San Clodio e outros, Ribas de Sil (Lugo)" polo importe de 698.618,04 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para a execución do proxecto de acondicionamento do río Arenteiro
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Carballo para a execución da obra: "Actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Saneamento en Razo. Carballo (A Coruña)" polo importe de 1.248.268,83 euros

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer na orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións complementarias e de acompañamento á formación para o ano 2007, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión e compromisos de gastos de carácter plurianual



- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se convocan para o ano 2007, subvencións públicas mediante contratos programa, de ámbito autonómico, para a formación de persoas traballadoras ocupadas, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión e compromisos de gastos de carácter plurianual

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial da Trabe (Cedeira) e o correspondente proxecto de obras públicas
- Acordo polo que se autoriza a modificación da prórroga do convenio de colaboración asinado entre a Xunta, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestión Urbanística de Lugo S.A. para o desenvolvemento da actuación Porto Seco de Monforte de Lemos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Consorcio do Casco Vello de Vigo polo que o Instituto Galego de Vivenda e Solo modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en diversas estradas do Concello de Arzúa", por unha contía de 135.028,55 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación dos camiños municipais de acceso á depuradora e camiño das Laxes, no lugar de Donón, na parroquia do Hío, Concello de Cangas", por unha contía de 13.627,16 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación do camiño municipal de Socotelo, no lugar de Menduíña, Concello de Cangas", por un importe de 19.506,90 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación dos camiños municipais de Vilanova, no Concello de Cangas", por unha contía de 25.709, 12 euros





- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en estradas do Concello de Cee", por unha contía aproximada de 49.112,07 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en accesos interiores en Casanova, Concello de Dumbría", por unha contía de 93.203,94 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos no acceso Anseán a Hospital, Concello de Dumbría", por unha contía de 95.176,86 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en estradas do Concello de Mazaricos", por unha contía de 90.201 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación da avenida municipal Médico Paz, en San Lorenzo, Concello de Meis", por unha contía de 17.620,53 euros
- Informe polo que se dá conta ao Conello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reconstrución da ponte en Calo, arranxo na ponte de Trasufe e noiros nas estradas municipais, Concello de Muxía", por unha contía de 70.061,55 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en diversas estradas do Concello de Padrón", por unha contía aproximada de 156.362,54 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración da emerxencia da obra: "Reposición da ponte no Camiño da Fábrica e Pinela, na explanada da Seca, Concello de Poio", por unha contía de 32.554,01 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de camiños da praia fluvial a ponte Cuncheiro e de praia fluvial á Peruca, Seira, Concello de Rois", por unha contía de 36.000 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Construción de ponte en Souto (Leroño), Concello de Rois", por unha contía aproximada de 44.385,42 euros





- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Construción de ponte en Penelas (Leroño), Concello de Rois", por unha contía aproximada de 69.655,26 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de danos en estradas de titularidade municipal no Concello de Zas", por unha contía de 85.301,13 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparacións do camiño local de Cardañas en Bértola-Lugar de Policía, Vilaboa. Pontevedra", por unha contía de 18.884,60 euros

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de terrazas na Rúa Tulipáns, bloques 34, 35 e 36 da UVA 4 do Barrio das Flores (A Coruña)"



## A XUNTA APROBA A CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIRAS/OS QUÍMICAS/OS DE GALICIA

- O Consello tamén aproba os novos estatutos do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de creación do colexio oficial de enxeñeiras/os químicas/os de Galicia, logo da apreciación do Goberno do interese público das actividades que engloba esta profesión. A Xunta responde así á solicitude presentada pola Asociación Galega de Enxeñeiros Químicos.

O texto define o Colexio Profesional Oficial de Enxeñeiras/os Químicas/os de Galicia como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno. O seu ámbito territorial de actuación será a Comunidade Autónoma.

Neste colexio oficial poderán integrarse os/as profesionais que teñan o título universitario oficial de enxeñeiro/a químico/a. Para o exercicio desta profesión en Galicia será necesario incorporarse a este colexio, salvo profesionais titulados vinculados coa administración pública para o exercicio de funcións administrativas e para a realización de actividades propias da profesión para esa administración.

Coa creación deste colexio garantírase a adecuación dos profesionais ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses da cidadanía, así como as responsabilidades en que poidan incurrir no desenvolvemento da súa actividade.

A enxeñaría química ten unha importante incidencia no mercado e en valores constitucionalmente recoñecidos como a saúde das persoas e a calidade de vida, o respecto ao ambiente e o desenvolvemento tecnolóxico.

As enxeñeiras e enxeñeiros químicas/os desenvolven labores fundamentais nos campos da enerxía, dos produtos farmacéuticos e dos produtos químicos para a agricultura, das tecnoloxías para a protección e mellora do ambiente, para a biotecnoloxía, para a biomedicina, e para a xestión e tratamento de residuos, entre outros. Estas actividades profesionais, pola súa indubidable influencia na saúde, no medio ambiente e no progreso industrial fai conveniente que se regule o acceso á profesión e a ordenación dela mediante a creación dun colexio que represente aos profesionais ante os poderes públicos e mediante o cal se establezan as normas do exercicio da súa actividade.



A Asemblea Constituínte elaborará e aprobará os estatutos definitivos e elixirá os membros dos órganos colexiais de goberno. Os estatutos, tras ser aprobados, serán remitidos á consellería competente na materia para a súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia.

#### Estatutos do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia

Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou hoxe os novos estatutos do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia, que pretenden regular a actividade e o funcionamento do colexio, así como regular os dereitos e deberes dos profesionais colexiados.

Os estatutos recoñecen que o Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia é unha corporación profesional de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins no ámbito territorial de Galicia.

Así mesmo, establecen que o Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia integrará obrigatoriamente a todos os enxeñeiros industriais no exercicio da súa profesión en Galicia, con título oficial recoñecido polo Estado, e os enxeñeiros superiores con título estranxeiro homologado ou recoñecido oficialmente. Estes últimos deben colexiarse obrigatoriamente se desexan exercer a profesión no ámbito territorial do Colexio. Quedan exceptuados do requisito de incorporarse ao colexio os enxeñeiros industriais vinculados coa administración pública para o exercicio de funcións administrativas e para a realización de actividades propias da profesión cando o destinatario sexa esa administración.

O Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia terá como finalidade última a tutela do correcto exercicio da profesión como garantía dos dereitos dos cidadáns e, entre outros, perseguirá os seguintes fins: ordenar o exercicio da profesión dos colexiados, velando pola ética e pola dignidade profesional e polo respecto aos dereitos da sociedade; desempeñar a representación exclusiva da profesión e a defensa da mesma dacordo coa legalidade vixente; defender os intereses profesionais dos colexiados; e promover o desenvolvemento industrial sustentable e a compatibilidade das industrias coa conservación do medio.

As funcións do Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia son, entre outras: organizar e desenvolver a previsión social entre os profesionais do sector; asesorar organismos públicos, emitir informes e resolver consultas; vixiar que todos os que exerzan a profesión de enxeñaría industrial en Galicia teñan o título académico correspondente; impedir a competencia desleal entre colexiados e procurar a colaboración entre eles; impulsar o desenvolvemento de actividades científicas, técnicas, económicas, sociais e culturais relacionadas coa profesión; levar ante o



Consello Xeral as aspiracións e suxestións do sector para perfeccionar e regular os servizos no oficio; impulsar a formación dos colexiados; fomentar o desenvolvemento da industria; e amparar os enxeñeiros industriais no exercicio da súa profesión.

En calquera caso, regulan a forma de colexiarse e os dereitos e deberes dos colexiados e establecen un réxime disciplinario con sancións para as infraccións dos estatutos e distincións e premios.

En canto á organización do colexio, os estatutos dictan que debe ter tres órganos esenciais: Xunta Xeral, que é o órgano superior de expresión da vontade do colexio e que, polo tanto, obriga a todos os colexiados ao cumprimento dos acordos que nela se adopten; Xunta de Goberno, que se encargará da dirección e administración do Colexio; e o Decano, ao cal lle corresponde a Presidencia, a representación oficial do Colexio e a capacidade de obrar deste.



## O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DA DELEGACIÓN DA XUNTA DE GALICIA EN BUENOS AIRES (ARXENTINA)

- É a primeira da rede de representacións administrativas no exterior
- Servirá para institucionalizar e defender a presenza de Galicia, a súa cultura, a súa lingua e os seus intereses no ámbito internacional
- Buenos Aires é a cidade do mundo coa colonia de galegos máis nutrida

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto de creación da Delegación da Xunta de Galicia en Buenos Aires (República Arxentina). Trátase da primeira oficina dunha rede de representacións administrativas no estranxeiro impulsada pola Xunta para institucionalizar, promover e defender a presenza de Galicia, a súa cultura, a súa lingua e os seus intereses no ámbito internacional.

Con esta medida, Galicia avanza na consolidación dunha nova etapa da vida política, na cal é necesaria a creación de canles de colaboración e participación democráticas, institucionalizadas, regradas, transparentes e sometidas aos mesmos mecanismos de control existentes en toda política pública dunha sociedade plural, madura e libre.

A primeira delegación oficial da Xunta de Galicia no exterior terá como área xeográfica de actuación a República Arxentina e a República Oriental do Uruguai, de onde proceden máis do sesenta por cento dos expedientes de prestacións aos emigrantes galegos e os seus descendentes residentes fóra de Galicia.

Buenos Aires é a cidade do mundo que conta coa colonia de galegos máis nutrida. Na actualidade, preto de 100.000 cidadáns de orixe galega inscritos no Censo Electoral de Residentes-Ausentes con domicilio nesta provincia arxentina e na cidade autónoma co mesmo nome.

Á fronte desta representación institucional da Xunta de Galicia en Buenos Aires haberá un delegado -nomeado polo Consello da Xunta por iniciativa do Secretario Xeral de Relacións Exteriores- ao cal lle corresponderán as funcións de dirección e coordinación das actuacións desenvolvidas por esta oficina.

### Organización interna e áreas funcionais

A delegación contará cunha secretaría -encargada do réxime interno, administración, control contable e xustificación de gastos e orzamentos do centro-, unha oficina de rexistro, e un grupo de traballo estruturado en catro áreas funcionais de actuación rexidas polo principio de unidade de acción:

- Atención á cidadanía galega
- Lingua e cultura galega

- Relacións económicas
- Cooperación ao desenvolvemento.

Segundo establece o decreto de creación das delegacións da Xunta no exterior aprobado no mes de novembro de 2006, as delegacións da Administración galega estarán adscritas á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, en canto cal órgano superior de apoio, asistencia e asesoramento ao Presidente da Xunta neste eido. Neste contexto, será a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores o departamento encargado de dotar as delegacións do persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

#### Rede de delegacións no exterior

Entre as principais funcións das delegacións da Xunta no exterior figuran:

- Apoiar todas as actuacións dos departamentos da Xunta na área xeográfica de acción
- Fomentar as relacións de Galicia coas institucións e os órganos de Goberno da área xeográfica de acción
- Impulsar accións de promoción da cultura e lingua galegas
- Fomentar os valores de igualdade entre mulleres e homes como valores asumidos pola cidadanía da moderna sociedade galega
- Prestar apoio administrativo e institucional aos emigrantes galegos e ás comunidades galegas no exterior, para o que terán a responsabilidade da coordinación, xestión, difusión e control dos programas dirixidos á emigración
- Contribuír ás accións de cooperación que, dentro da programación exterior de Galicia, a Xunta estableza no ámbito socioeconómico e de promoción do turismo
- Colaborar no seguimento e avaliación dos plans, programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se realicen na área xeográfica asignada
- Prestar asistencia técnica, orientación e información sobre Galicia aos axentes sociais, aos galegos, aos seus descendentes e aos interesados que así o requiran

No exercicio das súas competencias tamén traballarán para promover un desenvolvemento humano global e tentarán contribuír a erradicar a pobreza no mundo así como a promoción dun crecemento económico duradeiro e sustentable nos países elixidos para o seu establecemento.

Do mesmo xeito, e no contexto da crecente internacionalización da economía e a mobilidade laboral, a Xunta de Galicia asume, coa creación das delegacións no exterior, a responsabilidade de coadjuvar á presenza das empresas galegas no mercado global, achegándolles apoio e asistencia institucional.



### Igualdade de oportunidades e unidade de acción

O Goberno galego inclúe tamén na súa acción exterior a vontade explícita de que no exercicio das funcións citadas para as delegacións se respecten tanto o principio de “igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes” como o de “unidade de acción” da Administración autonómica.

### Acción exterior das comunidades autónomas

A acción exterior das comunidades autónomas está recoñecida pola doutrina do Tribunal Constitucional, que asume que poidan levar a cabo actividades de relevancia internacional no exercicio das competencias que lles son propias ou na proxección exterior da personalidade de seu. Para iso, faise necesaria a presenza da Xunta no estranxeiro co fin de prestar un servizo máis eficaz aos seus administrados e para a defensa dos seus intereses no ámbito internacional, sen prexuízo da función de representación exterior que lle corresponde ao Estado.





## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA ÁS ENTIDADES DE CONTROL DE CALIDADE NA EDIFICACIÓN QUE SE RECOLLERÁN NUN REXISTRO ÚNICO DE CARÁCTER PÚBLICO

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou hoxe o Decreto que regula as entidades de control de calidade na edificación (ECCEs) e a creación do Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade na Edificación en Galiza.

As ECCEs son os axentes que prestan asistencia técnica na verificación da calidade do proxecto construtivo, do materiais e da execución da obra e das súas instalacións de acordo ao proxecto de edificación e coa normativa aplicable en calquera dos ámbitos da edificación e para calquera fase do proceso edificatorio. O Decreto establece que queda incluído na actividade das ECCEs a elaboración de estudos, supervisións, avaliacións ou calquera outra actividade relacionada coa calidade das edificacións e as súas instalacións.

Ao mesmo tempo, o Decreto recolle a creación dun rexistro único no que se inscribirán os laboratorios de control de calidade previamente acreditados, que será público e producirá efectos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. As entidades de control de calidade na edificación quedarán inscritos unha vez que dispoñan da súa acreditación para operar. Tamén se incluírán neste rexistro as entidades de control acreditadas por outras comunidades autónomas.



## A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR ACHEGA 500.000 € PARA O PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Goberno galego, na súa xuntanza de hoxe, autorizou a sinatura dun protocolo adicional entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ao convenio de colaboración suscrito para a realización de proxectos do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade, un convenio que se vén prorrogando desde o ano 1997. O investimento total para os proxectos que se financiarán este ano é de 994.717 euros, cuxa metade (497.358 euros) é achegada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a outra metade polo Goberno central.

No Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade inclúense, por unha parte, os programas de atención persoal e vida autónoma dirixidos a mulleres con discapacidade e a outras persoas con graves discapacidades que conviven coa familia no fogar (servizos de asistencia persoal, actividades de rehabilitación, etc). Por outra parte, a través deste plan realízanse tamén programas de atención socio-sanitaria a persoas con graves discapacidades (coidados especializados a domicilio, estadias temporais, etc). Finalmente, outro tipo de programas que se executan son os de apoio a familias coidadoras que teñen ao seu cargo persoas con graves discapacidades (intervención temporá, adaptacións de vivendas, accións tutelares, asesoramento, etc)



## AUTORIZADA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO GALEGO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL (CEGADI)

- O Goberno galego investirá 9.055.033 euros nas obras de construción do novo centro, en Santiago de Compostela

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a tramitación do correspondente expediente de gasto relativo á contratación das obras de construción do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) para o ano 2007 polo importe de 9.055.033 (en tres anualidades). Coa finalidade de acometer as obras e unha vez supervisado o proxecto básico de execución, cómpre agora proceder á contratación polo procedemento aberto, mediante concurso e trámite de urxencia, da execución dos traballos de creación do CEGADI.

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral trátase dun centro que se configura como unha solución residencial-asistencial para mellorar e posibilitar a integración sociolaboral, técnica e cultural das persoas con discapacidade física -prioritariamente daquelas con dependencia severa- ou que precisen da axuda de terceiras persoas ou das adaptacións tecnolóxicas de apoio para o desenvolvemento normalizado da súa vida diaria. Para a posta en marcha desta infraestrutura colabora tamén coa Vicepresidencia o Imserso, mediante un convenio de colaboración asinado entre ambas as entidades.

### Características

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral construírse en Santiago de Compostela. Trátase dun centro para persoas dependentes con discapacidade física, no cal se garantirán as condicións de uso e de habitabilidade axeitadas para persoas con dependencia. No CEGADI promoverase a autonomía persoal destas persoas, ofrecéndolles o apoio necesario en situacións de dependencia, e incluíranse os servizos de rehabilitación e mantemento físico e social (centro de día), servizos habitacionais (centro residencial para estudantes), servizos de formación e de centro de referencia, investigación, desenvolvemento e innovación en axudas técnicas para persoas con discapacidade.

A construción do centro CEGADI forma parte do proxecto da Comunidade Galego-Portuguesa para a Discapacidade e a Integración (Comunidade CEGADI), que se desenvolve no marco da iniciativa transfronteiriza Interreg III-A España-Portugal.



## O CONSELLO ACORDA RECLAMAR ANTE O TC QUE A XUNTA ASUMA A XESTIÓN ECONÓMICA DESTINADA A FINS SOCIAIS NO IRPF

- O Consello da Xunta acordou interpor este recurso contra o decreto que regula as subvencións para programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación orzamentaria do IRPF

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, interpor ante o Tribunal Constitucional un conflito positivo de competencias da orde TAS/1051/2007 do 18 de abril. Esta orde establece as bases da convocatoria de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O Consello da Xunta acordou recorrer ante o Tribunal Constitucional, logo de que o Goberno central rexeitase o requirimento que lle fixo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o pasado mes de xuño, para que retirase a orde.

O Goberno galego considera que as competencias en asuntos sociais son exclusivas de Galicia, e polo tanto, non lle corresponde ao Estado regular as subvencións que se destinan a entidades que desenvolven programas de acción social. O Goberno central insiste en que, segundo a interpretación do Tribunal Constitucional, existe un espazo para que o Goberno central actúe nesta materia, a pesar de que Galicia ten asumidas as competencias en asistencia social desde o ano 1982. Ademais, o Goberno central na súa resposta, entende que esta orde regula unha axuda de carácter supra comunitario e que, polo tanto, transcende o ámbito de actuación da propia comunidade.

O Estado xustifica a convocatoria desta orde amparándose no artigo 149.1.1ª da Constitución española que lle atribúe a competencia sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais. En cambio, para o Goberno galego non se debe invocar este artigo para atribuír en exclusiva ás instancias estatais a regulación de detalle da asignación a fins sociais dunha porcentaxe do IRPF, así como para impoñer un réxime uniforme na regulación do procedemento para obter as subvencións correspondentes.

A orde aprobada polo Estado o 18 de abril regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén atribúe ao propio Goberno central a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas.



## A XUNTA ACHEGARÁ 385.000 EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DE OFICINAS ELECTRÓNICAS EN GALICIA

- Segundo un convenio, autorizado hoxe polo Consello, que subscribirán a Consellería de Presidencia e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica
- O servizo será de carácter público e de uso gratuito; e as aplicacións informáticas serán bilingües galego-castelán e, en localidades de carácter turístico, tamén estarán en inglés e francés

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica que ten coma obxectivo a posta en marcha de oficinas electrónicas en Galicia, para o que o Goberno galego destinará 385.920 euros.

A finalidade deste acordo é fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración e a extensión do uso da administración electrónica para os cidadáns de Galicia coa posta en marcha dun sistema de xestións administrativas en liña conectado á plataforma tecnolóxica do servizo Administratel e-Government, así como coa realización de campañas para o coñecemento e a difusión destes novos accesos á Administración.

Neste sentido, por medio do convenio, a Fundación e a Xunta colaborarán no desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas que permitan estender o acceso á Sociedade da Información e porán á disposición dos cidadáns –nas dependencias asignadas para isto pola Xunta- o equipamento de oficinas electrónicas dotado dos programas informáticos e servizos Administratel de acceso á plataforma tecnolóxica de xestións administrativas en liña.

### Universalización do acceso á sociedade de información

Este servizo permitirá á Xunta universalizar e poñer á disposición de todos os galegos o conxunto dos servizos electrónicos de acceso á sociedade de información; así, por exemplo, poderá ofrecer a todos os cidadáns adultos un enderezo persoal de correo electrónico, ademais de acceso aos servizos en liña da Administración europea, central, autonómica e local, incluíndo a utilización do novo DNI electrónico.

Este servizo será de carácter público e de uso gratuito; e as aplicacións informáticas serán bilingües galego-castelán e, en localidades de carácter turístico, tamén estarán en inglés e francés.



As oficinas electrónicas situaranse en recintos cerrados, como sedes das consellerías, lugares públicos, centros culturais ou de ocio, etc. Tanto a súa localización como o seu horario de funcionamento serán fixados pola Xunta, que poderá utilizalas como medio de comunicación sobre as súas actividades ou servizos e poderá incorporar a elas información, campañas institucionais ou outros eventos organizados polo Goberno.

O texto do acordo establece que a Fundación achegará 32 oficinas electrónicas completas, incluíndo o desenvolvemento do hardware e o software e a súa colocación, instalación, mantemento e explotación tanto no que se refire ao equipamento como ao conxunto de programas informáticos actuais do servizo Administratel.

Segundo se establece no acordo, o servizo Administratel e o número de oficinas poderanse ampliar, en función das necesidades, logo de solicitude e común acordo das partes. Así mesmo, ao longo do período de vixencia do convenio –que será de catro anos, prorrogables, desde a súa sinatura- a Xunta poderá solicitar a implantación de novos programas ou das innovacións tecnolóxicas en materia da sociedade da información que decida ofrecer aos cidadáns.



## A XUNTA DESTINARÁ UN MILLÓN DE EUROS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS, MELLORAS E CONSERVACIÓN DOS ACUARTELAMENTOS DA GARDA CIVIL EN GALICIA

- Segundo un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Ministerio de Interior que se asinará proximamente
- Responde ao interese da Xunta de lograr unhas mellores condicións nos cuarteis, tanto para os compoñentes do Corpo como para os cidadáns que usan as instalacións
- O Consello tamén autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Concello de Culleredo para similares fins

O Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa xuntanza semanal, a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Interior para a realización de obras de primeiro establecemento, conservación e mellora dos acuartelamentos da Garda Civil na Comunidade Autónoma por importe dun millón de euros (1.000.000 de euros).

Tanto a Consellería de Presidencia como o Ministerio de Interior repararon na importancia de garantir as condicións e os medios adecuados e suficientes para que as forzas encargadas do cumprimento das leis poidan levar a cabo a súa tarefa de xeito eficaz, digno e próximo ao cidadán. Deste xeito, acordaron establecer con este convenio un marco de colaboración mediante a súa participación en proxectos en materia de infraestruturas.

A achega do millón de euros destinarase a atender todos aqueles gastos que se materializarán ao longo do exercicio orzamentario comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2007 e que comprenderán a execución das obras necesarias nas casas-cuartel da Guardia Civil que se atopan en condicións precarias de habitabilidade, na medida en que o seu asentamento supón unha xestión máis eficiente das administracións públicas no cumprimento das súas competencias e funcións. Entre outras actuacións, levaranse a cabo reparacións das instalacións, substitucións de fiestras, instalación de sistemas de calefacción, creacións de vestiarios, acondicionamentos de garaxes e cerramentos perimetrais.

### Obrigas do Ministerio

O Ministerio do Interior asume a execución das obras e dos permisos, licenzas e autorizacións administrativas que, se é o caso, deban obterse, así como a dirección facultativa da obra. Ao convenio poderán sumarse mediante addendas de adhesión as deputacións provinciais e concellos de Galicia.





Para a supervisión da realización das obras, crearase unha comisión mixta integrada por catro membros, dous en representación da Xunta, un en representación da Delegación do Goberno en Galicia e outro en representación da Dirección Xeral da Garda Civil. Este ente estará presidido polo conselleiro de Presidencia, quen designará o outro representante da Administración autonómica. A comisión ditará as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando o solicite algunha das partes. Entre outras, as súas funcións serán a intervención previa á resolución por incumprimento e a de coordinación das funcións de ambas as administracións.

#### Casa-cuartel de Culleredo

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Culleredo para o acondicionamento dun edificio, de titularidade municipal, destinado a casa-cuartel da Guardia Civil por importe de douscentos cincuenta e sete mil euros (257.000 euros). Esta actuación xustifícase na necesidade de dotar o concello de Culleredo de axeitados e suficientes medios de seguridade que permitan dar cobertura a un ámbito de poboación en continua expansión, consecuencia da situación xeográfica e con base as competencias da consellería en materia de seguridade e asistencia e apoio as entidades locais.

No convenio establécense as obrigas do Concello de Culleredo, que se basean na execución íntegra das obras, asumindo a tramitación dos permisos, licenzas e autorizacións administrativas que deban obterse.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do convenio. Tal comisión ditará as súas propias normas de funcionamento reuníndose cando o solicite unha das partes.



## O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 280.000 EUROS PARA O EQUIPAMENTO DO CENTRO MULTIFUNCIONAL DE VALGA

- O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Concello pontevedrés con este obxectivo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Valga para o equipamento do centro multifuncional do municipio, por un importe total de 280.000 euros. En concreto, acometerase o amoblamento da biblioteca e a instalación de iluminación escénica, audio e vídeo no auditorio.

O acordo responde ao interese da consellería en establecer canles de colaboración e cooperación económica coas entidades locais que redunden nunha mellora na prestación dos servizos locais, contribuíndo a satisfacer as necesidades da comunidade de veciños. Así, a Xunta considera necesario cooperar co Concello de Valga para que este conte cos recursos financeiros necesarios para o equipamento dun centro que foi concibido como un proxecto comarcal e creado para desenvolver proxectos culturais, sociais e de formación. Neste sentido, este centro constituirá un instrumento de desenvolvemento económico para o municipio e o seu contorno e servirá de elemento dinamizador da zona, promovendo a creación de postos de traballo e o fomento de actividades sociais.

A vixencia do convenio estenderase desde a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas, sen exceder en ningún caso o 28 de decembro de 2007. Para facilitar o seguimento do seu cumprimento constituirase unha comisión mixta paritaria con representantes da Xunta e do Concello que terá como funcións, entre outras, a interpretación do texto, a proposta –se é o caso- de addendas, a intervención previa á resolución por incumprimento, e a coordinación das funcións de ambas as dúas administracións.



## EMIGRACIÓN CONVOCA AS BOLSAS UNIVERSITARIAS E DE POSGRAO PARA ESTUDANTES DE ORIXE GALEGA RESIDENTES NO EXTERIOR

- O orzamento destinado ás dúas modalidades de bolsas sitúase en 390.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria anual e as bases reguladoras dos programas de bolsas destinadas a galegos, persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes no estranxeiro para a realización de estudos universitarios durante o curso académico 2007-2008.

O primeiro dos programas convocados pretende que os estudantes residentes no estranxeiro poidan realizar estudos de 1º e 2º ciclo que deriven na obtención dunha titulación universitaria de carácter oficial e validez nacional en calquera das tres universidades de Galicia. Para acadar a finalidade pretendida, cóntase coa colaboración da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que participa tanto no financiamento do programa como na selección dos beneficiarios a través da súa presenza na comisión avaliadora dos expedientes.

O segundo programa de bolsas está dirixido a axudar a sufragar os gastos derivados da realización de estudos de terceiro ciclo así como da realización de estudos universitarios oficiais de posgrao que conducen á obtención do título de Máster. Preténdese fomentar a especialización académica, a profesionalización e a iniciación á investigación das persoas con titulación universitaria residentes no estranxeiro, tendo en conta a oferta de estudos de terceiro ciclo e de programas oficiais de posgrao que proporcionen as universidades que comprenden o sistema universitario de Galicia: Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Cada bolsa concedida estará integrada por unha axuda máxima de 6.000 euros para afrontar os gastos derivados dos seus estudos, estadía e manutención, e unha axuda para os gastos da viaxe de 350 euros para os residentes en países europeos e de 1000 euros para residentes nos demais países. Poderán ser beneficiarios destas bolsas os galegos, as persoas de orixe galega e os seus descendentes ata segundo grao.

O orzamento establecido para os programas de bolsas será de 390.000 euros. Para a concesión das bolsas previstas no primeiro programa destinarase un total de 240.000 euros. Para a concesión das bolsas previstas no segundo programa destináranse un total de 150.000 euros, un 50% máis ca o ano anterior.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 20 de setembro de 2007.



## A XUNTA AUTORIZA O APOIO DO IGAPE AO PROXECTO DO CENTRO DE REPARACIÓN NAVAIS DE VIGO

- A Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos aprobou a declaración de especial interese socioeconómico da operación de aval prevista polo Instituto e aprobada polo Consello

O Consello da Xunta autorizou hoxe o apoio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ao Centro de Reparacións Navais de Vigo (CRNV), apoio que se materializará mediante un aval parcial sobre o importe dun préstamo que subscribirá a compañía para impulsar os seus investimentos. Previamente á aprobación do consello, a Comisión Delegada para Asuntos Económicos declarou de especial interese socioeconómico a operación.

O CRNV é un proxecto promovido por un grupo de 55 empresas relacionadas directa ou indirectamente co sector naval que ten como obxectivo a creación dun centro de reparacións de referencia mundial que aproveite o potencial derivado do tráfico do porto vigués e a súa localización nunha zona de intenso tráfico marítimo. A iniciativa persegue garantir a sostenibilidade do sector na Ría de Vigo, onde actualmente están ocupados máis de 250 traballadores directos e 450 na industria auxiliar; e mellorar as condicións de acceso ao mercado internacional, poñendo en valor a cualificación e a experiencia do tecido industrial do sector naval en Vigo.

O CRNV orientará a súa actividade ao mercado obxectivo de buques de carga xeral, segmento que supón aproximadamente un 40% do tránsito total polo corredor marítimo de Fisterra, que goza dun nivel de intensidade competitiva menor e que permite a posta en valor das capacidades do tecido industrial da Ría de Vigo. Dentro do segmento de carga xeral, as actividades do centro focalizaranse nos buques de tamaño medio, de 5.000 a 25.000 tm. que representan case o 25% do total.

A compañía conta cun plan de investimentos no que figura a adquisición de peiraos, diques e outros activos co obxectivo de atender máis de 100 operacións de reparación anuais. No seu plan de financiamento a empresa prevé obter un préstamo por importe máximo de 50 millóns de euros, que será garantido nun 50% polo Igape cun prazo de vixencia máximo de 12 anos. O apoio da Xunta ao proxecto completárase coa participación de Sodiga no capital da compañía, operación recentemente aprobada polo consello de Xesgalicia e que se materializará mediante a toma dun máximo do 35% do capital cun tope de 7 millóns de euros.



## O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 44 MILLÓNS DE EUROS NO PRIMEIRO TREITO DO CORREDOR BRIÓN-NOIA

- O Consello da Xunta autorizou o gasto do tramo inicial, entre Brión e Martelo (Rois), que da continuidade á autovía Santiago-Brión
- Este primeiro treito consta de 9,3 quilómetros e as obras iniciaranse no cuarto trimestre do ano

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 40 millóns de euros no treito Brión-Martelo do corredor Brión-Noia. Este treito é o primeiro dos dous que compoñen esta infraestrutura. O Consello da Xunta autorizou hoxe este gasto, ao cal haberá que engadir outros 4 millóns de euros para o pagamento de expropiacións.

O proxecto inicial do vial Brión-Noia foi mellorado polo actual Goberno da Xunta en novembro de 2005 para construílo como corredor, coas características técnicas necesarias que permitan o seu futuro desdoblamento en autovía cando a intensidade do tráfico así o recomende. Isto obrigou a ampliar a reserva de solo así como a reestudar os enlaces e pasos superiores e inferiores, que quedarán xa proxectados para o largo total dunha autovía.

Canto á planificación da obra, esta realizarase en dúas fases. A primeira comprende o treito entre Brión e Martelo, no concello de Rois, de 9,3 quilómetros. A previsión coa que traballa a CPTOPT é a de que as obras se inicien no cuarto trimestre deste mesmo ano. A segunda fase das obras do corredor corresponde ao treito entre Martelo e Noia, de 8,9 quilómetros. A CPTOPT traballa coa previsión de que antes de outono poida dispor do proxecto de construción para a súa supervisión.

O treito para o cal hoxe se autorizou o gasto dá continuidade á autovía Santiago-Brión, en avanzado estado de execución.

### Relevancia para a área metropolitana de Santiago

A posta en marcha do corredor Brión-Noia repercutirá positivamente na mellora da conectividade da área metropolitana de Santiago. En concreto, o corredor Brión-Noia permitirá ser desdoblado no momento axeitado e, conectará, ademais coa variante de Noia.

O Goberno galego está a realizar un forte esforzo orzamentario na mellora da accesibilidade e na construción de novas infraestruturas viarias. Trátase de garantir a mobilidade nas grandes áreas do país e, por iso, se están a executar na actualidade máis de 300 quilómetros de vías de alta capacidade libres de peaxe cun investimento global superior aos 1.400 millóns de euros.



Infraestruturas como a Autovía Ferrol-Vilalba, Autovía do Barbanza, a Autovía do Salnés, a Autovía Pontevedra-Vilagarcía, o corredor da Costa da Morte que será desdoblado en Autovía antes de 2018, a Autovía Dozón-Ourense (que estará libre de peaxe grazas á determinación do actual Goberno da Xunta, en contra do pensado inicialmente), o corredor Nabela-Sarria (que estará habilitado para un futuro desdoblamento), a Autovía Santiago-Brión ou a conectividade por Autovía entre Santiago e A Ramallosa, cara a Estrada, permitirán, entre outras, ampliar a rede de autovías de Galicia garantindo un nivel de prestación de servizo altamente elevado.



## **POLÍTICA TERRITORIAL DEDICA 7,3 MILLÓNS DE EUROS AO ACONDICIONAMENTO DA LU-701, QUE FORMA PARTE DO EIXO VIARIO CON ASTURIAS COÑECIDO COMO O "Y" DA FONSAGRADA**

- A estrada pasará dos 6 metros actuais a 8 e contará con diversas variantes que mellorarán o seu trazado

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 7,3 millóns de euros nas obras de acondicionamento da estrada LU-701 que vai desde A Fonsagrada ata o límite das provincias de Lugo e Asturias, no núcleo do Acebo. Desde alí a estrada, xa competencia do Principado, continúa ata Grandas de Salime. As obras que acometerá a Xunta realizaranse ao longo dos preto de 12,3 quilómetros de percorrido desta estrada de montaña que transcorren por Galicia e que conta con treitos con curvas pechadas e cunha elevada pendente. A estes 7,3 millóns destinados ás obras hai que engadir outros 1,8 millóns que requiren as expropiacións necesarias para mellorar o seu trazado.

Unha vez arranxada, a LU-701 pasará a ter dous carrís de 3,5 metros cada un deles e dúas beiravías de 0,50 metros polo que o largo total da plataforma será de 8 metros fronte aos 6 actuais. Ademais, realizaranse diversas variantes suavizando os treitos en que o trazado actual é máis sinuoso.

No marco do proxecto de mellora do "Y" da Fonsagrada, a CPTOPT tamén acomete a reforma da LU-703, que conecta a LU-701 á altura do núcleo de Barbeitos co límite provincial de Asturias, onde a estrada, xa titularidade do Principado, continúa ata Santa Eulalia de Oscos.

Pola súa banda, o Principado de Asturias prolongará no seu territorio a mellora de ambas as estradas a partir do límite provincial e ata as poboacións de Grandas de Salime, no caso da LU-701, e Santa Eulalia de Oscos, na LU-703. Así, os gobernos galego e asturiano definen un corredor preferente de relación interior, compromiso acadado no VII Cumio Galicia-Asturias de 2006.





## A XUNTA DESTINA 8,4 MILLÓNS A OBRAS COMPLEMENTARIAS NO CORREDOR NADELA-SARRIA PARA O SEU FUTURO DESDOBRAMENTO EN AUTOVÍA

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 8.424.202 millóns de euros para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometa obras complementarias de mellora nos treitos I e III do corredor Nadela-Sarria, xa en construción, co obxectivo de facilitar o desdoblamento futuro do corredor e transformalo en autovía cando os niveis de tráfico así o requiran.

### Treito I: Rotonda de Nadela-Enlace de Maceda

O orzamento do proxecto complementario para o treito I –entre os puntos quilométricos 0+000 e 11+000, da rotonda de Nadela ata o enlace de Maceda- é de 3.331.773 euros repartidos en dúas anualidades entre este e o vindeiro exercicio. Este complementario inclúe medidas como a estabilización de noiros de desmonte de xeito que queden totalmente preparados para un futuro desdoblamento e non haxa que proceder a novos movementos de terras cando se acometan as obras de transformación en autovía.

Así mesmo, realizarase a explanación completa dos enlaces do Corgo e Maceda, o que evitará demolicións innecesarias de ramais do corredor ao efectuar o desdoblamento. Tamén se ampliarán as cimentacións dos terrapléns, os viadutos, os pasos inferiores e as obras de drenaxe, xa que no seu momento non foron deseñados para a sección de autovía.

### Treito III: Sarria Norte-Sarria Sur

Polo que respecta ao treito III (entre os puntos quilométricos 20+800 e 26+797, que comprenden a circunvalación de Sarria entre os enlaces de Sarria Norte e Sarria Sur), as obras complementarias dispoñen dun orzamento de 5.092.429 euros para os anos 2007 e 2008. Neste caso as actuacións que se levarán a cabo a maiores das inicialmente previstas afectan os movementos de terras, xa que é necesario aumentar a escavación para acadar unha maior largura da plataforma nas zonas coincidentes cos enlaces.

Ao igual que no treito I, tamén se realizarán traballos de estabilización de noiros para non ter que tocalos no momento do desdoblamento, e prolongaranse as obras de drenaxe transversal ata conseguir o largo da autovía para, deste xeito, evitar novos movementos de terras cando esta se constrúa.

O resto das actuacións inclúen a pavimentación con firme completo de autovía nos ramais para que o firme proxectado sexa válido e non haxa que realizar demolicións futuras, e o deseño das estruturas dos viadutos con largocompleto de autovía. No



caso concreto dos viadutos, proxéctase a construción de dous estribos de viaduto no río Pequeno, mentres que as bóvedas proxectadas nos enlaces de Sarria-Norte e Sarria-Centro prolongaranse para acadar un largo total de autovía e, así, quedar configuradas definitivamente sen necesidade de realizar posteriores escavacións e cimentacións.



## O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-113 ENTRE MONCELOS E ABADÍN, FINANCIADO POR POLÍTICA TERRITORIAL, TERÁ UN CUSTO DE 6,3 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta autorizou o gasto para a mellora destes 8,1 quilómetros

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 6.332.086 millóns de euros en obras de acondicionamento da estrada LU-113 no treito Moncelos-Abadín, de 8,1 quilómetros. O Consello da Xunta autorizou hoxe este gasto, repartido en tres anualidades ata o ano 2009, para levar a cabo as obras.

As actuacións que se acometerán permitirán alargar a calzada e mellorar o seu deteriorado pavimento. Tamén se instalarán barreiras de protección e distintos sistemas de balizamento e renovarase a sinalización tanto horizontal como vertical, elementos todos eles especialmente importantes nunha estrada que transcorre por un terreo moi sinuoso. Estas actuacións mellorarán a seguridade viaria e contribuirán a unha notable redución dos tempos de percorrido.



## A XUNTA ACORDA A INMEDIATA EXECUCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DA COVADA E DA AMPLIACIÓN DO COLEXIO DE RABADEIRA EN OLEIROS

- A Lei do solo faculta o Consello da Xunta a adiantar estas actuacións ao desenvolvemento urbanístico pola súa urxencia e manifesto interese público

O Consello da Xunta acordou hoxe proceder á inmediata execución do Centro de Saúde da Covada e da ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Rabadeira no concello coruñés de Oleiros. Estas actuacións poderanse acometer de xeito inmediato sen ter que agardar polo desenvolvemento urbanístico dos terreos nos que se sitúan, proceso que suporía unha notable demora na súa execución.

A vixente Lei do Solo 9/2002 permite a inmediata execución de obras en determinados casos en que a urxencia das actuacións e o seu manifesto interese público así o aconsellen. Esta é a situación do colexio e do centro de saúde de Oleiros, situados en terreos contiguos aínda non desenvolvidos urbanísticamente no planeamento municipal pero para os cales as respectivas consellerías de Educación e Sanidade xa dispoñen dos proxectos necesarios para comezar as obras. No caso do centro de saúde, ademais, a Consellería de Sanidade e o Concello de Oleiros xa asinaron un protocolo de colaboración polo que a Administración local puxo á disposición da autonómica os terreos necesarios para construír o novo edificio.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 6,6 MILLÓNS DE EUROS NA SEGUNDA FASE DA TERCEIRA ROLDA DA CORUÑA

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración co Concello da Coruña

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 6,6 millóns de euros no primeiro treito da segunda fase da terceira rolda de circunvalación da Coruña. Este treito, de 1,2 quilómetros e para o cal xa se dispón do proxecto construtivo aprobado, supón a continuación da primeira fase da rolda que está actualmente en obras. A construción deste primeiro treito da segunda fase acometerase a través dun convenio entre a CPTOPT e o Concello da Coruña que foi hoxe aprobado polo Consello da Xunta.

Segundo se indica no convenio, Política Territorial será a responsable de financiar a obra cos anteditos 6,6 millóns e licitará e executará os traballos. Pola súa banda, o Concello da Coruña deberá por á disposición da CPTOPT os terreos, obter os permisos necesarios e asumir a titularidade e o mantemento da estrada unha vez que estea rematada.

O treito para o cal se asinará parte de San Pedro de Visma ata a conexión coa estrada vella de Arteixo á altura da refinería. A segunda parte desta segunda fase, de preto de 2 quilómetros, irá dende a refinaría ata Pocomaco e nela estase a traballar de xeito coordinado co Concello da Coruña para axilizar o proxecto e obter os terreos necesarios. Ademais, a CPTOPT xa está acometendo a construción da primeira fase que arranca da conexión da Rolda de Outeiro coa rúa Manuel Murguía e vai ata San Pedro de Visma.

A terceira rolda de circunvalación permitirá a mellora das comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios. Así mesmo, configúrase como unha infraestrutura clave para complementar a actuación do Ministerio de Fomento que conectará a cidade coa Autovía do Noroeste e o ramal ao aeroporto de Alvedro.

### Características técnicas

A terceira rolda de circunvalación da Coruña é unha nova estrada de alta capacidade de 12,5 km de lonxitude. Esta infraestrutura vai ser executada en dous treitos: un a cargo da Xunta de Galicia e outro a cargo do Ministerio de Fomento.

A terceira rolda non só conectará A Coruña coa A-6 en Ledoño no concello de Culleredo, senón que permitirá crear unha nova entrada á cidade pola súa cara oeste e desconxestionar a Avenida de Alfonso Molina.



O treito a cargo da Xunta de Galicia ten unha lonxitude de 3,7 km. O pasado 10 de novembro iniciáronse oficialmente as obras deste primeiro treito de 1 km de lonxitude, que parte da Rúa Manuel Murguía e remata en San Pedro de Visma.

Cóntase con que todo o treito que corre a cargo da Xunta estea rematado ao longo do ano 2008. A actuación que se enmarca nun convenio de colaboración co Concello da Coruña, supón un investimento total de 30 millóns de euros. O treito a cargo do Ministerio de Fomento permitirá a conexión coa A-6 e co aeroporto. A actuación, no seu conxunto, supón un investimento de 85,36 millóns de euros.



## A XUNTA CONSTRUIRÁ UN COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA NA VALENZÁ, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS

- Incrementábase en máis de 500.000 euros a contía inicial acordada en 2006, como consecuencia da modificación do proxecto para adaptalo ás circunstancias sobrevidas durante a construción
- Este centro terá capacidade para 6 unidades de educación infantil e 12 de primaria

O Consello da Xunta vén de autorizar o incremento de gasto derivado da modificación da obra de construción do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) da Valenzá, no Concello de Barbadás (Ourense). Durante a execución desta obra, decidiuse modificar o proxecto inicial co fin de adaptalo ás circunstancias sobrevidas durante a construción. Deste xeito, súmanse aos 2.619.712 euros iniciais a contía de 523.775,39 euros, de maneira que o custo total desta actuación ascende a 3.143.487,39 euros.

O importe definitivo que se destinará á construción deste centro, que supón un incremento do 19,99% con respecto á cantidade fixada no contrato principal, será achegado polo departamento educativo galego. Así, os máis de 3 millóns de euros aboaranse en dúas anualidades correspondentes aos anos 2006 e 2007 unha vez que se presente a certificación da obra executada.

A creación dun novo centro educativo en Barbadás vén motivada polo considerable incremento da poboación escolar neste concello ourensán nos últimos anos, así como pola existencia dun único colexio situado no núcleo do municipio, o CEIP Filomena Dato. O novo edificio constrúese na zona sur, de onde procede a maioría do alumnado que se despraza ata o centro anterior.

O novo edificio contará con capacidade para 6 unidades de educación infantil (2 liñas de infantil) e 12 de primaria (2 liñas de primaria); e o seu catálogo de postos de traballo estará formado por 25 docentes. A empresa que se encargará da obra é Construciones Ramírez S.L., con enderezo en Vigo.





## EDUCACIÓN E A USC PROMOCIONAN AS ACTIVIDADES INVESTIGADORAS E FORMATIVAS REALIZADAS POLO MUPEGA

- O departamento educativo galego destina 36.440 euros para o desenvolvemento de accións de recuperación e difusión do legado pedagóxico da Comunidade
- O obxectivo é que o Museo conte con profesionais destacados procedentes da USC para realizar proxectos de exposición

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o apoio e promoción das actividades de investigación e formación promovidas polo Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA). A Administración educativa autonómica investirá nesta iniciativa un total de 36.440 euros.

Con esta actuación preténdese potenciar a colaboración entre ambas as dúas entidades de tal xeito que o MUPEGA poida contar coa participación de profesionais, destacados pola súa calidade científica e pedagóxica, para levar a cabo os seguintes proxectos de exposicións nos anos 2007 e 2008: A lei Moyano: 150 anos de ensino experimental; A historia da Formación Profesional en Galicia; e Mulleres na educación galega.

Así, no primeiro destes proxectos percorrerase a evolución histórica do ensino das ciencias en xeral e da ciencia galega en particular; no segundo, investigarase a historia da formación profesional en Galicia nos últimos 50 anos co obxectivo de realizar unha publicación e unha exposición; e, na terceira destas actividades, identificaranse historias de mulleres na educación, ademais de experiencias educativas impulsadas por elas.

A cooperación da USC, ao abeiro destas actividades, concretarase na coordinación e asesoramento técnico, científico e didáctico do MUPEGA, así como na achega dos seus docentes e investigadores e na participación nos distintos proxectos de investigación, resultando de grande utilidade o patrimonio documental, bibliográfico e científico con que conta a universidade.

Pola súa parte, o museo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos necesarios, a facerse cargo do material das exposicións, a ocuparse da restauración dos fondos e da organización dos talleres e actos, ademais da realización material das publicacións e do dicionario resultantes dos estudos.



O MUPEGA foi creado pola Xunta de Galicia coa finalidade de promover e desenvolver actividades de recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagóxico de Galicia.



## EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA FOMENTAN AS ENSINANZAS DE FP DA FAMILIA DE SANIDADE

- Continúan a súa colaboración de cara a poñer en funcionamento e organizar o ciclo formativo de grao superior de Radioterapia
- A Administración educativa galega achegará 36.000 euros ao desenvolvemento destas ensinanzas no curso 2007/08
- Estes estudos impartiranse no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto de A Coruña e nas instalacións da Fundación

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga Piñeyro sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade. O obxectivo que se persegue con esta actuación é a posta en funcionamento e organización das ensinanzas de formación profesional específica do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia.

O departamento educativo galego farase cargo dos gastos ordinarios específicos de funcionamento para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo, que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2007/08, repartidos en dúas anualidades, 15.000 euros en 2007 e 21.000 euros en 2008.

Estas ensinanzas impartiranse de xeito compartido nas instalacións do centro integrado de formación profesional (CIFP) Ánxel Casal-Monte Alto de A Coruña e nas da Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga Piñeyro. Así, nas dependencias da Fundación impartiranse os módulos de Fundamentos e técnica de tratamentos de teleterapia e de Fundamentos e técnica de tratamentos de braquiterapia, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.

A Administración educativa galega, consciente da necesidade de potenciar a formación profesional, en particular a que precisa o sector sanitario, obrígase a abrir camiños e a desenvolver novas técnicas demandadas polo mercado de traballo. Para solucionar isto, interesa experimentar novos ciclos formativos que permiten a permanente adaptación dos currículos ás novas profesións.

Así, a formación profesional se adapta ás demandas e ás necesidades do mundo laboral, mediante a activa participación e corresponsabilización dos axentes sociais, especialmente naqueles sectores e tipos de actividades que non conseguen cubrir as necesidades mínimas de empregos cualificados.



## A XUNTA INVISTE MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN POLIDEPORTIVO NO BARRIO DE FONTIÑAS, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O Goberno galego, a través das Consellerías de Educación e de Cultura, achegará un total de 1.666.666 euros a esta actuación
- Esta nova infraestrutura dará servizo ao IES Antón Fraguas e ao CEIP das Fontiñas
- As instalacións servirán para usos máis amplos que os escolares e estarán á disposición dos colectivos deportivos municipais

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Cultura e Deporte e de Educación e Ordenación Universitaria, e o Concello de Santiago de Compostela, para a construción dun pavillón deportivo no Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) das Fontiñas.

O investimento estimado ao que se refire este convenio fíxase en 2.500.000 euros, importe que comprende o orzamento de execución por contrata e os honorarios da dirección de obra e do control de seguridade e saúde. Neste senso, as Consellerías de Educación e de Cultura achegarán un total de 1.666.666,67 euros, e o Concello de Santiago de Compostela a cantidade restante, que ascende a 833.333,33 euros.

As Administracións Públicas signatarias son conscientes de que o incremento da práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de xeito que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

Así, o presente convenio pretende atender as necesidades que en materia deportiva presenta a infraestrutura do Concello de Santiago de Compostela e satisfacer as demandas da comunidade escolar do Instituto de Educación Secundaria (IES) Antón Fraguas e do CEIP das Fontiñas, sen que iso impida que as instalacións que se programan sirvan a usos máis amplos e se poñan ao servizo dos colectivos deportivos municipais, mediante unha axeitada planificación na súa xestión.

Deste xeito, establécese unha orde de preferencia no uso, atendendo prioritariamente ás necesidades que presente a comunidade escolar da zona, especialmente do IES Antón Fraguas e o CEIP das Fontiñas; sobre as actividades do Concello fóra do horario lectivo. O propio Concello deberá ter en conta as necesidades do centro educativo para programar actividades extraescolares.



## A XUNTA DESTINARÁ 889.000 EUROS ÁS AXUDAS PARA AS INICIATIVAS DE DIVULGACIÓN E COMUNICACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA ENMARCADAS EN DIVERCIENCIA

- Estas axudas enmárcanse no Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010

A Consellería de Innovación e Industria destinará 889.000 euros para a convocatoria de axudas correspondente ás accións de divulgación e comunicación científica e tecnolóxica (Diverciencia), no marco do Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (IN.CI.TE).

Segundo o proxecto de acordo autorizado esta mañá polo Consello da Xunta, a consellería convocará estas axudas –cun compromiso de gasto de carácter plurianual de 638.000 euros en 2007 e 251.000 en 2008– co obxecto de promover, en réxime de concorrencia competitiva, o desenvolvemento de actividades de divulgación e comunicación científica e tecnolóxica que contribúan a fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e a tecnoloxía que posibilite que o conxunto da sociedade teña unha mellor percepción das actividades de I+D+i e da repercusión dos seus resultados na sociedade.

Poderanse beneficiar destas axudas as entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro de Galicia, con capacidade e actividade demostrada na realización de proxectos ou actuacións relacionados coa investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico, a difusión, divulgación ou comunicación da cultura científica.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA APOIARÁ O PROXECTO CONSOLIDER INGENIO MATHEMÁTICA NO CAL PARTICIPAN O CESGA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- Trátase dunha proposta apoiada por 283 grupos de investigación a nivel estatal para incrementar o peso da matemática no sistema de ciencia
- A Consellería de Innovación e Industria achega 232.665 euros ao proxecto para cofinanciar gastos de persoal investigador, técnico e de xestión

A Consellería de Innovación e Industria colaborará no proxecto Consolider "Ingenio Mathematica" grazas ao convenio que asinará co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e coas tres universidades galegas. A Consellería achegará ao proxecto 232.665 euros para cofinanciar os gastos de persoal investigador, técnico e de xestión, segundo o convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

MATHEMATICA é unha proposta singular que desenvolverá un programa de actividade investigadora integral para a matemática española e que o pasado ano recibiu a concesión dun proxecto "Consolider", enmarcado no programa Ingenio 2010. Ten unha duración de cinco anos e conta cunha dotación orzamentaria total de 7.500.000 euros. O obxectivo é incrementar cualitativa e cuantitativamente o peso da matemática no sistema español de ciencia e da tecnoloxía e dar a coñecer no panorama internacional os resultados da investigación que se fai en España. O proxecto está apoiado por 283 grupos de investigación e nace coa vocación de contribuir á creación do Centro Nacional de Matemáticas recollida no Proxecto Nacional I+D+i

En MATHEMATICA participan un total de 62 investigadores galegos procedentes das universidades da Coruña, de Santiago e de Vigo, ademais do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga). O Cesga coordinará os grupos de investigación das tres universidades galegas, no ámbito da matemática e da estatística aplicada á industria e á empresa. Contan ademais con persoal de apoio informático e administrativo pertencente aos departamentos universitarios respectivos así como ao mesmo CESGA.

O proxecto estrutúrase como unha rede de cinco nodos e un deles é o nodo CESGA, que ten como finalidade incrementar a presenza dos métodos e técnicas matemáticas nos sectores produtivos, así como mellorar a calidade e a difusión dos diferentes desenvolvementos con alta demanda computacional. Como consecuencia da experiencia acumulada polo nodo galego a través dos anos, correspóndelle o liderado a nivel estatal da actividade a desenvolver en MATHEMATICA CONSULTING,



plataforma que fomenta a investigación interdisciplinar e a transferencia de tecnoloxía matemática ao ámbito empresarial e industrial.

Así mesmo, apoia a preparación e presentación de propostas, en colaboración con empresas e industrias, de solicitudes a convocatorias en que as matemáticas teñen actualmente unha presenza escasa (PROFIT, PETRI, CDTI, VI y VII Programa Marco, NEST, ...) co propósito de favorecer a transferencia tecnolóxica. Ademais, o nodo galego ten un papel significativo na área do proxecto dedicada á computación en matemáticas, MATHEMATICA COMPUTING. A través da selección dun software de middleware específico, multisistema operativo, realizará a instalación dun Grid Computacional específico para a matemática que permita compartir os recursos dos grupos de investigación.

Para facilitar o acceso á computación, MATHEMATICA prestará servizo de soporte de alto nivel. Este servizo permitirá aos técnicos e investigadores dos grupos de investigación contar co apoio suficiente para manter operativos correctamente os recursos computacionais existentes en cada centro.

Realizaranse cursos de formación sobre técnicas de computación e novas ferramentas de cálculo. Durante os dous primeiros anos faranse dous cursos anuais, reducíndose a un anual a partir do terceiro ano. Mentres os dous primeiros anos se dedicarán a temáticas máis xerais sobre técnicas de computación, os anos seguintes serán máis especializadas centrados nas necesidades detectadas durante a primeira parte do proxecto e sobre avances recentes.

Outro dos puntos importantes do proxecto é a creación dun repositorio de software con dúas funcións: localizar ferramentas de software libre de utilidade en tarefas computacionais e estatísticas e dar visibilidade internacional ao software de características semellantes desenvolvido polos grupos de investigación do proxecto.





## O EXECUTIVO GALEGO ACHEGARÁ MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR AS EXPORTACIÓNS GALEGAS

- O obxectivo primordial do Plan de fomento das exportacións galegas 2007 é conseguir un posicionamento máis competitivo nos mercados exteriores das empresas galegas e dos seus produtos e servizos
- Levaranse a cabo misións comerciais directas de estudo, que terán como obxectivo coñecer aqueles mercados que presenten posibilidades de penetración para os produtos galegos e analizar a súa viabilidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación co fin de fomentar as exportacións galegas a través do Plan de fomento das exportacións galegas 2007 (FOEXGA). O departamento autonómico achegará un total de 1.633.100 euros para desenvolver o plan, que contará cun orzamento global de 3.915.871,77 euros (dos que outros 1.120.204,27 euros serán achegados polas cámaras e os 1.162.567,51 euros restantes polas empresas).

O obxectivo primordial do FOEXGA é conseguir un posicionamento máis competitivo nos mercados exteriores das empresas galegas e dos seus produtos e servizos, mediante a procura dunha maior diversificación, fomentando e consolidando as empresas galegas no exterior, facilitando formación e información cualificada e acadando unha maior promoción internacional do turismo de Galicia.

Nesa liña, o convenio abranguerá diversas actuacións como a creación de bolseiros promotores no exterior, a celebración de encontros empresariais, a exposición de catálogos de empresas no exterior, a edición, publicación e outras accións promocionais sobre o comercio internacional ou presentacións, exposicións, mostras e eventos similares.

Así mesmo, levaranse a cabo misións comerciais directas de estudo, que terán como obxectivo coñecer aqueles mercados que presenten posibilidades de penetración para os produtos galegos e analizar a súa viabilidade. Por outra banda, tamén está prevista a asistencia a aquelas feiras internacionais que presenten un especial atractivo para os produtos galegos.

Por último, crearanse oficinas no exterior, que terán como fin prestar servizos de apoio, asistencia e asesoramento ás actividades de exportación e internacionalización da economía galega. Os servizos a prestar concretaranse na asistencia e apoio ás accións de promoción comercial, en tarefas de prospección de mercados e identificación de oportunidades de negocio nos ámbitos económico-comercial e de



cooperación empresarial, e no asesoramento e información comercial sobre os mercados.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ PRETO DE 600.000 EUROS PARA FOMENTAR O COMERCIO RETALLISTA

- O departamento autonómico asinará un convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retallista en Galicia, ao cal o departamento autonómico achegará un total de 592.000 euros.

Este convenio de colaboración, que foi autorizado no Consello da Xunta desta mañá, permitirá desenvolver distintas actuacións, entre as cales figuran a “Gran Quincena do Comercio Galego” –unha campaña publicitaria promocional a realizar no mes de novembro, co fin de fomentar as compras no pequeno comercio–, e un CD e un manual sobre empresa familiar comercial, traspaso e venda que sirvan como ferramentas formativas aos negocios comerciais para prepararse ante a sucesión e selección de persoal e que se difundirá a través de 40 xornadas e dos medios de comunicación.

De igual xeito tamén se elaborará o CD “Marketing de Venda”, que servirá como ferramenta formativa aos negocios comerciais xa existentes e para a posta en marcha de novas empresas dentro do sector do pequeno comercio galego, formando os comerciantes nun eido tan vital para a atracción de consumidores como é o marketing de venda.



## A XUNTA SANCIONA UNHA EMPRESA POR COMERCIALIZAR CARNE DE HAMBURGUESA COA ETIQUETA DE TERNERA GALLEGA

Medio Rural aplicará a sanción imposta a unha empresa cárnica por cometer unha infracción moi grave en materia de calidade agroalimentaria, cunha multa de 30.001 euros, segundo acordou o Consello da Xunta.

O programa de seguimento e control do produto certificado pola Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega detectou, nunha gran superficie comercial, a presenza de bandexas de hamburguesa elaborada a base de carne que contiña ingredientes distintos da carne fresca, coas mencións de Ternera Gallega fresca, certificada en orixe, excelent. O produto levaba o logotipo da IXP-TG pero carecía das preceptivas contraetiquetas identificadoras da indicación xeográfica protexida.

O Rexistro de denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas faculta a Ternera Gallega para a certificación de carne e miudezas frescas, pero non abrangue os produtos elaborados a base de carne. Así, tipifícase como infracción moi grave a utilización de indicacións, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia aos nomes protexidos por unha denominación xeográfica ou por outras figuras de protección da calidade alimentaria que poida inducir a confusión sobre a natureza, calidade ou orixe dos produtos.

A segunda infracción cometida, concorrente coa primeira, reside en non introducir nas etiquetas e na presentación dos produtos alimentarios os elementos suficientes para diferenciar a súa cualificación e procedencia, co fin de evitar confusión nos consumidores, derivada da utilización dunha mesma marca, nome comercial ou razón social na comercialización de produtos incluídos nunha determinada denominación xeográfica ou noutro indicativo de calidade que non o estean.

Coa imposición desta sanción garántese a protección da denominación específica Ternera Gallega como aquela carne de gando vacún que reúna as características especificadas no seu regulamento e que cumpran na súa produción, sacrificio e despezamento todos os requirimentos exixidos.



## O CENTRO SOCIOCULTURAL DE ABANQUEIRO EN BOIRO, FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, TERÁ UN CUSTO DE 300.000 EUROS

- A Xunta pretende, con esta iniciativa, cubrir as necesidades culturais dos habitantes da zona e favorecer a creación dunha programación estable

A Consellería de Cultura e Deporte vai asinar un convenio de colaboración co concello de Boiro para a creación do centro socio cultural de Abanqueiro. O departamento que dirixe Ánxela Bugallo destinará 300.000 euros á construción deste edificio que aglutinará as actividades da zona e que consolidará unha programación cultural estable.

Este xoves o Consello da Xunta autorizará a subscrición deste acordo entre a Consellería e o Concello para a realización da segunda fase das obras do centro socio-cultural de Abanqueiro, que xa recibiu no 2006 uns 100.000 euros para o desenvolvemento das primeiras actuacións no edificio.

A Consellería de Cultura realiza esta achega co obxectivo de crear unha oferta cultural que cubra as necesidades culturais dos habitantes da zona. Na actualidade o Concello de Boiro carece de instalacións culturais que lle permitan programar actividades prolongadas no tempo ou de carácter teatral, cinematográfico ou bibliotecario, que precisan para o seu desenvolvemento dunha infraestrutura axeitada ás súas necesidades técnicas.

Con esta actuación, o departamento nacionalista prosegue a súa liña de divulgación, información e promoción da cultura que ten como propósito achegar o máximo posible o patrimonio cultural do país á sociedade en xeral.



## A CONSELLERÍA DE CULTURA COLABORARÁ CO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA NA POSTA E MARCHA DUNHA NOVA EDICIÓN DO FESTIVAL DA ÓPERA

- A Xunta achegará ao Consorcio 240.000 euros para a realización deste acordo

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun conveniod e colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Consorcio para a Promoción da Música para a realización conxunta do LV Festival da Ópera.

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto estenderase ata novembro, e a Consellería de Culutra e Deporte comprométese a participar no seu financiamento por un importe que ascende a 240.000 euros.

O programa LV Festival da Ópera será realizado por un equipo de profesionais e dirixido polo Consorcio, baixo as ordes do director do Festival, que actuará como representante do Consorcio e interlocutor fronte á Consellería.



## O GOBERNO GALEGO DESTINA 10,6 MILLÓNS DE EUROS PARA COMPLETAR A ASISTENCIA ONCOLÓXICA

- Coa subscrición dunha cláusula adicional ao concerto co Centro Oncolóxico de Galicia -que se vén producindo desde marzo de 2004- fíxanse as tarifas e os obxectivos de mellora asistencial para o ano 2007
- No Consello da Xunta aprobouse tamén a prórroga do contrato programa asinado co Centro de Transfusión de Galicia para a prestación sanitaria e outras actividades complementarias por un importe de 15.019.397 euros

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a continuación do concerto da Sanidade pública galega co Centro Oncolóxico de Galicia para o desenvolvemento da actividade necesaria en materia de oncoloxía. Mediante este proceso, actualízanse para o ano 2007 as tarifas -por un importe máximo de 10.615.884 euros-, a distribución do programa de medicina nuclear, a definición dos programas de calidade, e os obxectivos de mellora da calidade asistencial.

Así, no concerto especificábase a carteira de servizos, os conceptos facturables e tarifas, os mecanismos moduladores da actividade e os programas de control de calidade.

Deste xeito, o Servizo Galego de Saúde investirá 706.417,02 euros en concepto de hospitalización, 57.319,84 euros en hospitalización a domicilio, 338.456,28 euros en consultas externas, 4.785.233,58 euros en radioterapia, braquiterapia de próstata e radioterapia de intensidade modulada; 1.477.237,89 euros en medicina nuclear; e, por último, 3.251.219,72, en quimioterapia.

O Servizo Galego de Saúde potencia un modelo de atención onde a mellora do trato, o respecto á intimidade e a información ao usuario teñan un maior peso dentro do proceso de atención sanitaria, tal e como se recolle no concerto autorizado hoxe. Segundo isto, o centro facilitará aos doentes e usuarios e usuarias a Guía do Usuario, que contemplará a información básica para el e os seus familiares.

Entre outras cousas, o centro asegurará tamén o cumprimento dos dereitos dos usuarios e usuarias a coñecer a información e documentación clínica que sobre eles teña o centro, asegurando en todo momento a confidencialidade. O centro terá en conta o nivel de satisfacción do usuario ou usuaria e facilitaráselle os mecanismos de reclamación no caso de seren necesarios; e procurarse a súa participación no sistema recompilando as suxestións que en relación coa súa atención poidan xurdir.

Toda a práctica clínica estará regulada a través de protocolos, cos seus respectivos programas de calidade. Por último, tamén, o centro enviará ao Servizo Galego de





Saúde información puntual sobre a asistencia sanitaria prestada en réxime de hospitalización.

#### Centro de Transfusión de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia asinou tamén esta mañá o acordo polo que se prorroga o contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro de Transfusión de Galicia para establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias de apoio á atención sanitaria para o período do un de agosto de 2007 ao un de xullo de 2008, e por un importe de 15.019.397 euros.

O Centro de Transfusión de Galicia oferta aos centros hospitalarios servizos hemoterápicos e de criopreservación, subministrando os diferentes compoñentes sanguíneos. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) son obtidos por procesos de separación, e realízanse sobre eles probas de detección e análise, e máis os procesos que fan que sexan máis seguros para o receptor.



## A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DUN ESTUDO DAS MORTES PRODUCIDAS POR REACCION AGUDA ÁS DROGAS

- O importe total son 60.101,20 euros distribuídos en dúas anualidades, 24.040,48 en 2007, e 36.060 en 2008

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a prórroga do convenio asinado o 23 de novembro de 2006 entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o estudo de determinados aspectos relacionados coa problemática asociada ao consumo de drogas. O orzamento destinado son 60.101,20 euros distribuídos en dúas anualidades, 24.040,48 no 2007, e 36.060 no 2008.

Trátase da prórroga para a realización dun estudo necróxico-toxicolóxico das mortes producidas por reacción aguda a drogas de abuso, e o estudo sobre a determinación de metadonemias -analíticas específicas- en doentes dos programas de mantemento con metadona; ademais de, tamén, sobre a determinación toxicolóxica de substancias-droga derivadas do labor asistencial ao colectivo drogodependente na rede asistencial do Pan de Galicia sobre Drogas.

Este convenio responde ao compromiso da sanidade pública galega de estruturar un sistema de información e vixilancia sobre a frecuentación asistencial e morbi/mortalidade derivadas do uso de drogas. Para iso, é necesario manter unha serie de indicadores precisos para a análise posterior, entre os cales se atopan o indicador de mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas, do que é obxecto este convenio de cooperación.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DOTARÁ DE REDE DE SANEAMENTO E UNHA DEPURADORA A PARROQUIA DE FORXÁS DE VIÑAS, NO CONCELLO OURENSÁN DE A MERCA

- A actuación será financiada pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, que achegará 540.000 euros para acometer as obras

A parroquia de Froxás de Viñas, pertencente ao Concello da Merca (Ourense) será obxecto dunha actuación de mellora das súas infraestruturas hidráulicas mediante a construción dunha rede de saneamento e unha depuradora. O proxecto foi aprobado hoxe no consello da Xunta e suporá un investimento de 540.000 euros por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que financiará a totalidade das actuacións.

A actuación que vai executar a administración hidráulica virá solucionar as carencias que ten o núcleo de Froxás de Viñas, que actualmente carece deste servizo. Concretamente, vaise construír unha rede de saneamento, de 3.700 metros, e unha pequena depuradora que terá capacidade para tratar as augas residuais de 350 habitantes.

As obras contan cun prazo de execución de 6 meses, unha vez que se licite e adxudique o proxecto.



## A XUNTA INVISTE 698.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA TRAÍDA DE AUGAS NO CONCELLO LUCENSE DE RIBAS DE SIL

- A administración hidráulica realizará unha segunda captación dende o río Laceiras para mellorar o servizo ao núcleo de San Clodio e ampliará a rede de abastecemento aos lugares de Nogueira, Barreiro e Rairos

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, dotará de novos servizos de abastecemento aos núcleos de poboación de San Clodio, Nogueira, Barreiro e Rairos, todos eles pertencentes ao Concello de Ribas de Sil, na provincia de Lugo.

A actuación, aprobada no consello celebrado hoxe, contempla a construción dunha segunda captación de auga, en gravidade, desde o río Laceiras e a ampliación da rede de abastecemento aos citados núcleos de Nogueira, Barreiro e Rairos, que carecen na actualidade deste servizo. As obras contan cun prazo de execución de 6 meses e un orzamento de 698.618 euros, que será financiado na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

O proxecto inclúe a reposición dos pavimentos afectados polo trazado da rede, así como a construción de dous depósitos para o abastecemento, un en San Clodio, e outro en Barreiro, de 900 e 60 metros cúbicos de capacidade, respectivamente, cos seus correspondentes equipamento de potabilización.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA ACOMETERÁN A RECUPERACIÓN DO CONTORNO NATURAL DO RÍO ARENTEIRO (O CARBALLIÑO) E AS SÚAS ZONAS DE VALOR PAISAXÍSTICO

- O proxecto suporá un investimento de 3.752.516 euros por parte da Confederación Hidrográfica do Norte, que achegará o 70% do financiamento, e Augas de Galicia, que sufragará o 30% restante

Recuperar o contorno natural do río Arenteiro, no termo municipal do Carballiño, mediante a rexeneración do sistema natural do bosque de ribeira, a implantación de sendas peonís e a recuperación de accesos e zonas senlleiras de gran valor paisaxístico e etnográfico. Estes son os obxectivos dunha actuación que acometerán de forma conxunta a Confederación Hidrográfica do Norte e a Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo Augas de Galicia.

O proxecto, que foi aprobado no consello da Xunta celebrado hoxe, suporá un investimento de 3.752.516 euros, contía que se destinará á realización dos proxectos e actuacións necesarias para acometer o acondicionamento das ribeiras do río Arenteiro. O proxecto será cofinanciado pola Confederación Hidrográfica do Norte, que achegará o 70% do orzamento, e o organismo Augas de Galicia, que asumirá o 30% do custo; ambos con cargo aos exercicios económicos deste ano e do vindeiro e co axuda dos fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder).

A Confederación Hidrográfica ocuparase da aprobación técnica e definitiva dos proxectos de obra, contratación e execución dos traballos de recuperación hidrolóxica, así como da recepción final das obras.



## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 1,2 MILLÓNS DE EUROS NA DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO EN RAZO, NO CONCELLO DE CARBALLO

- As obras inclúen a construción dunha rede de colectores nos núcleos existentes na bacía de Rego da Barcia, Rego de Oza, Rego Pardiñas e o lugar de Santa Mariña; así como unha depuradora con capacidade para tratar as augas residuais de 4.000 habitantes

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible mellorará a rede de saneamento de Razo, no Concello de Carballo, na provincia da Coruña, mediante a dotación de novos servizos. Concretamente, construírá unha rede de colectores nos núcleos existentes nas bacías de Rego da Barcia, Rego de Oza, Rego de Pardiñas e a zona de Santa Mariña e unha nova estación de augas residuais.

A actuación foi aprobada hoxe no consello da Xunta e suporá un investimento de 1.248.268,83 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh). As obras contan cun prazo de execución de 14 meses, dous dos cales se reservan para a redacción do proxecto definitivo e os restantes (un ano) para a realización dos traballos. A estes hai que engadir 12 meses máis para a explotación e mantemento das instalacións.

A rede proxectada estará conectada mediante bombeo á depuradora, que se construírá na marxe esquerda do rego de Pardiñas. Esta nova estación de augas residuais está deseñada para unha poboación de 4.000 habitantes equivalentes e contará cun caudal de 800 metros cúbicos ao día, cos cales se atenderán as necesidades de saneamento da zona.



## O GOBERNO GALEGO E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE RECUPERARÁN 746 QUILÓMETROS DE CAMIÑOS NATURAIS NON MOTORIZADOS EN GALICIA

- As actuacións teñen por obxecto poñer en valor itinerarios, que na súa maior parte converxen co Camiño de Santiago, facilitando o acceso da poboación ao seu contorno natural
- Os departamentos de Medio Ambiente do Estado e a Comunidade Autónoma financiarán os traballos de recuperación, achegando 7 millóns de euros, catro o goberno central e tres o autonómico durante os vindeiros catro anos, ata 2011 (inclusive)
- O proxecto contempla catro eixes de actuación que se corresponden coa recuperación dos camiños naturais da Vía Nova (parques naturais do Xurés a A Lastra), o do Interior (trazado de calzadas romanas por terras lucenses) , o da Costa da Morte (por Laxe e Muros) e o da Ruta do Cantábrico (entre Cabo Ortegal e Ribadeo)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente van acometer un ambicioso programa de posta en valor de camiños naturais non motorizados en Galicia, que suporá a recuperación de 746 quilómetros de itinerarios de grande riqueza natural e valor histórico. Así se recolle no convenio de colaboración entre os departamentos do goberno central e autonómico, cuxa subscripción foi aprobada hoxe no consello da Xunta.

O acordo suporá un investimento total de 7 millóns de euros por parte de ambas administracións durante os vindeiros catro anos, ata 2011 (inclusive), que permitirán recuperar e adecuar camiños de gran valor natural e cultural que, fundamentalmente, converxen co Camiño de Santiago, aínda que non son os únicos.

Concretamente, o convenio inclúe a recuperación de varias rutas, agrupadas en catro proxectos, que son os que seguen:

- Camiño Natural da Vía Nova: desde o Parque Natural da Serra do Xurés, en Lobios, ata o Parque Natural da Lastra, en Rubiá, na provincia de Ourense. O itinerario contará cunha lonxitude aproximada de 187 quilómetros.
- Camiño Natural do Interior: que, seguindo o trazado das calzadas romanas conecta o campamento de Aquis Querquennis con Lugo co Mar Cantábrico, na localidade lucense de Foz. A súa lonxitude é de 225 quilómetros.
- Camiño Natural da Costa da Morte: de aproximadamente 160 quilómetros de lonxitude, unía as vilas coruñesas de Laxe e Muros.





- Camiño Natural da Ruta do Cantábrico: discorre entre o Cabo Ortegal, na provincia de A Coruña e Ribadeo, en Lugo, e ten unha lonxitude de 174 quilómetros.

O Ministerio de Medio Ambiente ocuparase da recuperación das rutas do Interior e o Cantábrico, achegando un máximo de 4 millóns de euros para o financiamento das actuacións necesarias para a posta en valor dos citados itinerarios. Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente custeará, cun máximo de 3 millóns de euros a adecuación dos outros dous camiños: o da Vía Nova e A Costa da Morte.

As actuacións executaranse en base a criterios comúns para os proxectos, tales como o uso de determinados materiais, en función do carácter máis urbano ou rural do ámbito de actuación, así como do seu uso, e con independencia da administración que execute os traballos. Así mesmo, elaborárase unha guía de deseño para os elementos de balizamento e sinalización de itinerarios, paneis informativos, etc. de acordo co manual do programa de camiños naturais que executa o Ministerio de Medio Ambiente e no que se enmarca a subscripción deste convenio. Así mesmo, ambas as administracións comprométese a difundir e divulgar este acordo.

#### Conservación e sustentabilidade

Galicia dispón dunha importante rede de camiños, distribuída ao longo de todo territorio, na súa maior parte, formada por sendas que levan transitándose desde hai anos, como amosa a existencia de diversos fitos e monumentos de distintas épocas, incluso prehistóricas. Esta rede, que converxe maioritariamente co Camiño de Santiago, deixou de ser vía de transporte habitual a mediados do século XIX, ao ser substituída por modernas infraestruturas viarias e ferroviarias.

A nova rede de camiños naturais non motorizados que promoven a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente permitirá, unha vez concluída, facilitar o acceso da poboación ao contorno natural, dispoñendo de itinerarios conectados, de grande lonxitude, que articularán o territorio equilibrada e sustentable. Así mesmo, a través desta iniciativa fomentarase a calidade de vida, a educación e saúde da poboación, á vez que se manterán e conservarán os recursos patrimoniais, naturais e culturais existentes.

O convenio para a posta en valor dos camiños non motorizados de Galicia enmárcase dentro do Programa de Camiños Naturais do Ministerio de Medio Ambiente, que ten por finalidade contribuír á conservación dos espazos naturais mediante a recuperación e adecuación de infraestruturas, constituídas na súa maior parte por zonas de servidume dos ríos, camiños de servizo, canles, zonas costeiras de dominio público, vías pecuarias, antigos trazados de ferrocarril e calquera outro camiño que resulte de interese para a súa recuperación.



## O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ MÁIS DE 23 MILLÓNS NO BIENIO 2007-2008 PARA A FORMACIÓN DE TRABALLADORES OCUPADOS

- Os plans de formación continua teñen por finalidade a mellora das competencias dos traballadores e a súa especialización

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a publicación da orde pola que se establece a convocatoria para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de persoas traballadoras ocupadas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os plans de formación continua mediante contratos programa teñen como finalidade tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas, calquera que sexa o sector ou rama de actividade en que prestan os seus servizos.

O orzamento para financiar estes contratos programa ascende a 23.351.915 euros para os exercicios 2007 e 2008. Segundo a distribución feita pola Comisión Galega de Formación Profesional e Continua, do financiamento previsto destinarase a contratos programa intersectoriais un 54%, aos contratos programa sectoriais un 40%, aos autónomos un 3% e ás entidades de economía social un 3%.

### Plans de formación intersectoriais

Os contratos programa recollidos na orde son de catro tipos. Figuran en primeiro lugar os contratos programa para a execución de plans de formación intersectoriais, dirixidos á formación de traballadoras e traballadores en competencias transversais e horizontais correspondentes a varios sectores da actividade económica. Cada contrato programa deberá incorporar un mínimo do 10% para accións formativas relacionadas coas novas tecnoloxías e/ou un mínimo do 10% para formación en especialidades industriais. As entidades que os poden solicitar son as organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito autonómico con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Plans de formación sectoriais

En segundo lugar están os contratos programa para a execución de plans de formación de ámbito sectorial que teñan como finalidade desenvolver accións formativas de interese xeral e satisfacer necesidades específicas de formación dos sectores produtivos de Galicia. Poderán solicitalo as organizacións empresariais e sindicais con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia e máis representativas no ámbito territorial dela. Tamén poderán optar as entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial representativas no ámbito autonómico, e as organizacións empresariais e sindicais que participan na negociación colectiva



sectorial no ámbito autonómico, provincial ou estatal. No caso de que só exista negociación colectiva de ámbito estatal, as entidades poderán presentarse directamente ou a traves das organizacións que a integran ou nas cales se integran.

#### Plans dirixidos ao cooperativismo

Coa intención de potenciar a economía social, subvenciónanse tamén os plans de formación que incorporen persoas traballadoras e socias e socios traballadores de dúas ou máis cooperativas, sociedades laborais e outras empresas e entidades de economía social que, sen pertenceren a un mesmo sector produtivo, atendan demandas formativas derivadas da natureza xurídica daquelas ou de necesidades de carácter transversal, no eido da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste suposto poden solicitar as subvencións as confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais con notable implantación no ámbito autonómico.

#### Plans para autónomos

Por último, recóllense os contratos programa para a execución de plans de formación dirixidos a persoas traballadoras autónomas, co fin de mellorar a súa capacitación nas competencias relacionadas coa actividade que desenvolvan, ben de carácter sectorial ou ben transversal ou horizontal. Poderán solicitar estas subvencións as asociacións de persoas traballadoras autónomas con carácter intersectorial que teñan suficiente implantación no ámbito autonómico.

É importante resaltar que, co obxecto de potenciar a calidade da formación, á hora de proceder á valoración das solicitudes, terase en conta o grao de execución e cumprimento das condicións en que se outorgou a subvención acreditadas polo solicitante na última convocatoria.

O obxectivo último dos plans de formación continua da Consellería de Traballo é proporcionar aos traballadores e traballadoras ocupados a cualificación necesaria, ao longo da súa vida laboral, para axustarse aos requirimentos que en cada momento necesiten as empresas. Esta mellora da cualificación significa, para as empresas, unha maior flexibilidade, innovación, e en definitiva, posibilidade de competir, nun mundo cada vez mais aberto e tecnolóxico. Desde o punto de vista dos traballadores e traballadoras, constitúe un instrumento imprescindible para a súa promoción personal e a adaptación da súa cualificación aos cambios que se produzan no mercado de traballo, o que lles permitirá manter un emprego estable e de calidade, obxectivo último da formación para o emprego.



## A CONSELLERÍA DE TRABALLO INCENTIVA A INVESTIGACIÓN PARA ANTICIPARSE AOS CAMBIOS NOS SISTEMAS PRODUTIVOS

- O Goberno galego investirá 2 millóns de euros en estudos de prospección do mercado de traballo e en análises sobre a repercusión da formación na competitividade empresarial

Tras a súa autorización esta mañá por parte do Consello da Xunta, a Consellería de Traballo publicará nos vindeiros días a orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións complementarias e de acompañamento á formación de ámbito autonómico correspondentes ao exercicio 2007.

Enténdense por accións complementarias ou de acompañamento á formación aquelas que teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos, a análise da repercusión da formación continua na competitividade das empresas e na cualificación dos traballadores, a elaboración de produtos e ferramentas innovadores relacionados coa formación continua e, en definitiva, a determinación das necesidades de formación precisas para coadxuvar ao progreso económico dos sectores produtivos no conxunto da economía.

Estas accións constitúen un importante apoio e complemento ás políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral, pois contribúen á eficacia do sistema de formación continua. Para o desenvolvemento desta orde, con vixencia para os anos 2007 e 2008, a Consellería de Traballo disporá dun orzamento de 2 millóns de euros.

Poderán solicitar as subvencións as entidades sen ánimo de lucro que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades tipificadas como accións financiadas ou relacionadas coa formación continua. Deberán acreditar experiencia na realización de estudos, investigacións ou proxectos de natureza similar aos solicitados durante un período de polo menos tres anos, coa realización, como mínimo, de dous traballos similares ou relacionados co posto.

Cómpre destacar que ningunha entidade poderá solicitar máis de catro accións e que non poderán ser solicitantes as administracións públicas.

### Tipos de accións subvencionables

As accións subvencionables son de catro tipos: de estudo e investigación, de mellora, de avaliación da formación continua, e de promoción e de difusión.



As accións de estudo e investigación irán destinadas a analizar os factores que estruturan a demanda de formación continua do sistema produtivo, co fin de anticiparse aos cambios nas cualificacións profesionais derivados do progreso técnico e da organización do traballo. Tamén terán como obxectivo afondar no coñecemento dos problemas e necesidades específicas de formación nos distintos sectores económicos ou ámbitos territoriais e desenvolver iniciativas e alternativas sobre a adecuación da oferta de formación continua á evolución dos contidos das ocupacións. Ademais, terán entre os seus fins coñecer as necesidades formativas dos traballadores con maior dificultade de acceso á formación e das pequenas e medianas empresas.

As accións destinadas á elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador estarán destinadas á mellora dos sistemas pedagóxicos, organizativos e de xestión da formación profesional continua. Terán especial consideración as accións referidas á elaboración e/ou experimentación de ferramentas e metodoloxías de aprendizaxe baseadas nas novas tecnoloxías de información e comunicación que estendan a formación aos traballadores de pequenas empresas. Tamén serán primadas as actuacións destinadas á sensibilización e incorporación de boas prácticas ambientais no sector do turismo e hostalaría e as accións de formación en idiomas para o transporte.

O terceiro tipo de accións complementarias subvencionables son as de avaliación da formación continua, destinadas a realizar procesos de avaliación desta formación nos distintos sectores de actividade económica ou ámbitos territoriais.

Por último, concederanse axudas para a planificación de accións de promoción e difusión destinadas a xerar redes de coñecemento da formación continua mediante centros virtuais de traballo, bases documentais de consulta e calquera outra medida que favoreza a promoción e difusión de estudos, ferramentas e produtos de formación continua. Tamén se pretende incentivar a promoción de agrupacións de pequenas e medianas empresas para organización e xestión dos seus programas de formación.

Os interesados en optar a estas subvencións deberán ter en conta que un dos criterios ao cal se lle outorga maior puntuación na valoración técnica é o de adecuación das solicitudes ás accións prioritarias que se determinarán na orde, en función das necesidades detectadas no mercado laboral a raíz da realización de diversos estudos e informes.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA TRABE NO CONCELLO DE CEDEIRA, PROMOVIDO POR VIVENDA

- O Consello tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento desta actuación
- O investimento total previsto para o desenvolvemento deste parque empresarial é de 3.027.675 euros e desenvolverase sobre unha superficie total de 103.000 metros cadrados

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial e o correspondente proxecto de obras públicas do parque empresarial da Trabe no Concello de Cedeira. O Consello da Xunta tamén declarou a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación para o desenvolvemento deste parque empresarial.

O investimento total previsto para o desenvolvemento do parque empresarial da Trabe é de 3.027.675 euros e desenvolverase sobre unha superficie total de 103.000 metros cadrados, nun ámbito situado á marxe dereita da estrada Ac-566 (Cedeira – Campo do Hospital), entre os puntos quilométricos 33 e 34 e entre os núcleos de Outeiro e A Veciñeira.

Dos 103.000 m<sup>2</sup> de superficie total deste parque empresarial, destinaranse a uso empresarial e comercial 59.190 metros cadrados, 31.112 m<sup>2</sup> para o sistema viario e aparcadoiros, 10.380 m<sup>2</sup> para zonas verdes e a superficie restante será destinada a equipamentos sociais e deportivos.





## A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO FORMALIZA A COMPRA DA PARTE DE ZONA FRANCA NO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO POR 15 M. DE EUROS

- O Consello da Xunta aproba a sinatura do convenio entre consellería e Zona Franca que supón unha reestructuración da composición do Consorcio Casco Vello

A Consellería de Vivenda e Solo achega ao Consorcio Casco Vello de Vigo 15 millóns de euros entre 2007-2011 para formalizar a adquisición da parte que correspondía á Zona Franca dentro da composición desta entidade, cuxa función é xestionar a rehabilitación integral do centro histórico da cidade, en particular a zona alta definida arredor do que se denomina Barrio de San Sebastián. Inicialmente, a achega do Consorcio estaba configurada coa seguinte repartición: 15 millóns de euros Zona Franca, 12 millóns de euros Consellería de Vivenda e Solo e 3 millóns de euros Concello de Vigo.

A transferencia de 15 millóns de euros será formalizada a través dun convenio cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta, en diferentes anualidades. En concreto, en 2007, o departamento que dirixe a nacionalista Teresa Táboas transferirá ao Consorcio Casco Vello de Vigo unha primeira cantidade de 2,5 millóns de euros, que pola súa vez o Consorcio reintegrará á Zona Franca como devolución do investimento realizado por esta entidade desde a creación do consorcio, investimento que agora é asumido pola consellería.

O resto do investimento ata completar a achega de 15 millóns que corresponde a Zona Franca será transferido anualmente pola consellería ao consorcio, coa seguinte distribución orzamentaria: 3,5 millóns de euros con cargo aos orzamentos de 2008, e tres entregas de 3 millóns de euros cada unha con cargo aos orzamentos de 2009, 2010 e 2011.

Ademais destas cantidades, o departamento autonómico achegará a parte que xa lle correspondía antes de facerse coa participación de Zona Franca, ata completar os 12 millóns de euros. É dicir, que a Consellería achega un total de 27 millóns de euros ata 2011, -12 xa previstos desde o inicio da creación do Consorcio e 15 millóns de euros por asumir a parte de Zona Franca-. Para esa data, prevese que a rehabilitación dos 200 inmobles que integran a área de rehabilitación do Barrio de San Sebastián estea practicamente finalizada, coas vivendas rehabilitadas, todas protexidas, e cos espazos públicos recuperados.

A composición do consorcio, tras os cambios, pasa a ser de 90% participado pola consellería, con 27 millóns de euros, e 10% participado polo Concello de Vigo, cun investimento de 3 millóns de euros.



## O GOBERNO GALEGO INCREMENTA CON 543.000 EUROS O INVESTIMENTO PREVISTO NA ADQUISICIÓN DO SOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS

- Con esta achega autorizada hoxe polo Consello da Xunta, a consellería destina un total de 1,6 millóns de euros á adquisición dos terreos

O Goberno galego incrementa con 543.056 euros o investimento previsto na adquisición dos terreos para o desenvolvemento do Porto Seco de Monforte de Lemos, de tal xeito que a aportación total da consellería para este fin ascende a 1,6 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe este incremento da partida orzamentaria por parte da Consellería de Vivenda e Solo para o desenvolvemento do Porto Seco de Monforte, co que o investimento total previsto para a xestión e adquisición de terreos ascende a 1,9 millóns de euros distribuídos como segue:

- Consellería de Vivenda e Solo: 1.638.056 euros
- Dirección Xeral de Transportes: 320.182 euros

O Porto Seco de Monforte desenvolverase sobre unha superficie total de 355.053 metros cadrados ampliables ata os 700.000 m<sup>2</sup>.





## POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DO GASTO DE MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA EN CONCELLOS DE PONTEVEDRA E A CORUÑA

- Este departamento autonómico cumpre así co preceptivo trámite administrativo ante o Consello da Xunta

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de obras de reparación acometidas en pontes, estradas e camiños en concellos de Pontevedra e A Coruña que se viron afectados polas choivas de outubro e novembro. A estas actuacións destináronse máis de 1,1 millóns de euros, que se engaden ás obras tamén de emerxencia das cales xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT das cales hoxe se deu conta inclúen 19 actuacións en 13 concellos:

- Arzúa: reparación de danos en diversas estradas do concello.
- Cangas: reparación dos camiños municipais de acceso á depuradora e camiño das Laxes no lugar de Donón, na parroquia do Hío; reparación do camiño municipal de Socotelo no lugar de Mendiña e reparación dos camiños municipais de Vilanova.
- Cee: reparación de danos en estradas do concello.
- Dumbría: reparación de danos no acceso a Figueiroa Sur e acceso interior a Castro; reparación de danos en accesos interiores en Casanova e reparación de danos no acceso Anseán a Hospital.
- Mazaricos: reparación de danos en estradas do concello.
- Meis: reparación da avenida municipal Médico Paz en San Lourenzo.
- Muxía: reconstrución da ponte en Calo, arranxo na ponte de Trasufe e noiros nas estradas municipais.
- Oia: reposición da ponte da Serra Seca-Viladesuso.
- Padrón: reparación de danos en diversas estradas do concello.
- Poio: reposición da ponte no camiño da Fábrica á Pinela na explanada da Seca.
- Rois: reparación de camiños da praia fluvial á Ponte Cuncheiro e da praia fluvial á Peruca, Seira; construción de ponte en Souto e en Penelas (Leroño).
- Zas: reparación de danos en estradas de titularidade municipal no concello.
- Vilaboa: reparacións do camiño local de Cardañas en Bértola.

Esta é a décima reunión do Consello da Xunta en que a CPTOPT dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 13,5 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.



## A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO ASUME A REPARACIÓN DAS TERRAZAS DOS BLOQUES 34, 35 E 36 NA RÚA TULIPÁNS DO BARRIO DAS FLORES NO CONCELLO DA CORUÑA CUN INVESTIMENTO DE 754.095 EUROS

- A conselleira de Vivenda informou hoxe o Consello da Xunta da contratación das obras á empresa Impermeabilizacións Pimos S.L., polo procedemento de emerxencia

O Goberno galego asumirá directamente a reparación das terrazas dos bloques 34, 35 e 36 da Rúa Tulipanes no Barrio das Flores no Concello da Coruña cun investimento de 754.095 euros. O departamento autonómico adoptou esta decisión despois dos diversos avatares polos que teñen pasado estas obras de reparación, que inicialmente foran xestionadas polos veciños e subvencionadas pola consellería a través da liña de axudas á comunidade de propietarios de vivendas de promoción pública.

A Consellería de Vivenda e Solo informou hoxe o Consello da Xunta da contratación das obras de reparación á empresa Impermeabilizacións Pimos S.L. polo procedemento de emerxencia, tras a realización de varias inspeccións por parte do Servizo Técnicos da Delegación Provincial da Coruña que constataron a urxencia das obras. As terrazas atópanse nun mal estado de conservación, o que produce filtracións de auga ás vivendas.

A consellería contactou con varias empresas da zona que pola súa experiencia se consideran especializadas nas obras a acometer, estando dispoñible para comezar as obras de xeito inmediato a empresa contratada.